



A entrevista.

Laura Gascón Herrero

Deputación de Teruel

No Proxecto Symbios fixémonos eco da Guía Metodolóxica das Políticas de Acollida de Novos Habitantes no Medio Rural, do Proxecto Philoxenia Plus, en que participaches. En que medida poden aplicarse as recomendacións desta guía a Teruel? En que medida pode contribuír a Deputación de Teruel a que se incorporen estas recomendacións nas políticas de desenvolvemento local no voso ámbito territorial?

Teruel participou nun proxecto denominado PADIMA sobre políticas de loita contra o despoboamento en zonas de montaña, onde traballamos durante tres anos en cuestións relativas a este tema e finalmente implantouse unha cooperativa de tratamento de la, froito de replicar unha boa práctica procedente dun dos socios do proxecto, www.ardelaine.fr.

Grazas a este proxecto entramos en Philoxenia Plus, ao ser un proxecto de capitalización. No que respecta á guía metodolóxica é unha ferramenta para a integración, pero hai que ter en conta que a día de hoxe nós non estamos a realizar labores deste tipo pola situación de crise actual, onde non hai ofertas de emprego nos municipios. Desde logo que é un material valioso e no momento de despexe desta situación puntual, servirá para a integración de novos poboadores.

Xunto con outras provincias, Teruel forma parte do Grupo de presión Serra Celtibérica. Como trasladades a Europa a vosa particular realidade, para que sexa adecuadamente considerada no deseño das políticas europeas de desenvolvemento rexional e desenvolvemento rural? Con que obstáculos vos atopades neste labor de lobby?

A Deputación de Teruel sumouse a esta iniciativa, do mesmo xeito que outras institucións de diferentes provincias españolas. Por tanto trátase dun traballo en equipo, porque o problema do despoboamento hai que tratalo así. O primeiro reto é conseguir unha única voz para que sexa escoitada pola Unión Europea, de maneira que poidan aplicarse políticas similares ás que xa son unha realidade nos países do Norte, por exemplo a rexión de Laponia. Evidentemente este é un traballo que realizamos en colaboración con europarlamentarios españois e estannos facilitando canles de diálogo coas autoridades comunitarias das que depende a aplicación destas medidas correctoras.

A Serra Celtibérica agrupa territorios de provincias de diferentes comunidades autónomas. Que tipo de relacións e que ferramentas de colaboración utilizades para a colaboración entre as distintas provincias e rexións que formades parte dela?

De momento estase traballando na adhesión do maior número de institucións para reforzar este proxecto e, paralelamente, conseguir o maior apoio das institucións autonómicas e do Estado español.

Desde a Deputación de Teruel participades tamén na rede Euromontana. A partir desta experiencia, cales consideras que son as claves para atraer a xente nova ás áreas de montaña?

Por parte de Euromontana está a facerse un labor de *lobby* moi forte para a implantación da marca de calidade dos produtos de montaña, un *label* que xa se aprobou por parte da Comisión. Este sinal de calidade pode ser a porta de entrada ou a posibilidade de manterse para a xuventude nas zonas de montaña, é dicir a produción de produtos de calidade e locais que se comercializan en circuíto curto e que teñen uns estándares altos de calidade, ademais dunha produción limitada froito das súas características ambientais e naturais. Doutra banda, Euromontana fai un esforzo moi grande de *marketing* territorial para mostrar a cara máis positiva e amable da montaña, como un lugar excelente para vivir.

